



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación da bolsa de emprego para cubrir postos de traballador/a social como funcionariado interino e primeiro chamamento. Exp.2025/E001/000017.

ANTECEDENTES

1. Por Resolución de Alcaldía núm. 53/2026, con data 19/01/2026, aprobáronse as bases para a formación dunha bolsa de emprego para cubrir postos de traballador/a social (A2) no concello de Vimianzo, como funcionario interino, publicadas no taboleiro da sede o 19/01/2026 e extracto no BOP núm.22 do 22/01/2026. Tamén se declara a necesidade e a urxencia da convocatoria do proceso selectivo para a formación da bolsa, conforme ao estipulado no art. 20, apartado 5, da lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o ano 2023, prorrogado para o ano 2026.
2. Por Resolución de Alcaldía núm. 414/2026 do 23/03/20265 aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Posteriormente na Resolución da Alcaldía núm.490/2026, de 07/04/2026, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso de selección.
3. Constan no expediente as actas do tribunal coas datas 9/04/2026,28/04/2026 e 07/05/2026. A última contén a proposta de bolsa para a Alcaldía.
4. Consta o anuncio con data do 14/05/2026 coas puntuacións das fases de concurso e de oposición e a proposta para a Alcaldía, outorgando un prazo de alegacións de dous días hábiles contados dende o seguinte á publicación (remata o 18/05/2026). Durante o prazo outorgado nas bases non se presentaron alegacións tal e como conta no informe do encargado do rexistro de data 20/05/2026.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A base novena regula a constitución da bolsa de traballo, indicando: “(...)Unha vez rematada a cualificación dos/as aspirantes, o tribunal publicará as cualificacións outorgadas e a listaxe de persoas aprobadas por orde de puntuación, de maior a menor, e a proposta de bolsa. Outorgarase un prazo de dous días hábiles para efectuar alegacións. E, unha vez resoltas, de habelas, elevarase a proposta de bolsa coa orde de prelación á Alcaldía. Mediante Resolución de Alcaldía constituirase a bolsa de traballo e será publicada no Taboleiro de Anuncios da Sede do Concello de Vimianzo (...)” e as atribucións da Alcaldía dadas polo artigo 21.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (LBRL).

Tendo en conta que no art. 10.1 c) do TREBEP establece que: “(...)1. Son funcionarios interinos los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales con carácter temporal para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:

(...)

c) La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.(...)”

Así como a necesidade de cobertura do posto de traballadora social incluído no programa de xestión do cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Xunta de Galicia (Plan concertado), inicialmente ata 31/12/2026.

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte bolsa de emprego para cubrir postos de traballador/a social como funcionaria/a interino/a, coa orde de prelación que se establece na táboa, excepto para os que están en situación de empate de puntos:

| | TEDEC | APELIDOS E NOME | CÓDIGO | DNI | TEST XERAL | TEST ESPECÍFICO | CONCURSO | PUNTUACIÓN TOTAL | |
|-----|-------|------------------|----------------------------------|---------------|------------|-----------------|----------|------------------|------|
| | 1 | 2026/E002/000039 | García Antelo, Fatima | TS 2026/02 | ***3730** | 9 | 42 | 30 | 81 |
| (*) | 2 | 2026/E002/000041 | Cababa González, Óscar | TS 2026/17 | ***0197** | 10 | 40 | 30 | 80 |
| (*) | 3 | 2026/E002/000048 | Leiro Mariño, Rocío | TS 2026/03 | ***3236** | 12 | 38 | 30 | 80 |
| | 4 | 2026/E002/000036 | Pereiro Esperante, Liliane | TS 2026/12 | ***0212** | 10 | 40 | 29,3 | 79,3 |
| | 5 | 2026/E002/000043 | Rodríguez Rama, Diana | TS 2026/16 | ***3081** | 9 | 40 | 30 | 79 |
| | 6 | 2026/E002/000031 | Esperante Blanco, Alba | TS 2026/09 | ***0301** | 8 | 40 | 30 | 78 |
| (*) | 7 | 2026/E002/000042 | Martínez Lago, Patricia | TS 2026/19 | ***2022** | 11 | 36 | 30 | 77 |
| (*) | 8 | 2026/E002/000047 | Rey Hermida, Bibiana | TS 2026/06 | ***1228** | 13 | 34 | 30 | 77 |
| | 9 | 2026/E002/000049 | Paz Rodríguez-Navas, Beatriz | TS 2026/18 | ***8566** | 12 | 34 | 30 | 76 |
| (*) | 10 | 2026/E002/000040 | Antiqueira Pérez, Beatriz | TS 2026/20 | ***7587** | 10 | 34 | 30 | 74 |
| (*) | 11 | 2026/E002/000050 | Santos Díaz, Cristina | TS 2026/14 | ***7517** | 10 | 34 | 30 | 74 |
| | 12 | 2026/E002/000032 | Pena Gómez, Jurema María | TS 2026/13 | ***0894** | 11 | 28 | 30 | 69 |
| | 13 | 2026/E002/000029 | Lema Ordóñez, María | TS 2026/04 | ***4295** | 17 | 44 | 3 | 64 |
| | 14 | 2026/E002/000037 | Domínguez Suárez, Josefa María | TS 2026/01 | ***3803** | 11 | 28 | 17,5 | 56,5 |
| | 15 | 2026/E002/000026 | Gómez González, Francisco Javier | TS 2026/08 | ***8633** | 10 | 34 | 6 | 50 |
| | 16 | 2026/E002/000051 | Trigo Bermúdez, Iria | TS 2026/11 | ***4199** | 9 | 36 | 3,5 | 48,5 |
| | 17 | 2026/E002/000027 | Vázquez Suárez, Uxía | TS 2026/5 | ***0098** | 9 | 34 | 0 | 43 |
| | 18 | 2026/E002/000033 | Lago Rey, Carla | TS 2026/07 | ***9246** | 8 | 34 | 0 | 42 |
| | 19 | 2026/E002/000035 | Salgado Trillo, Rut | TS 2026/15 | ***5710** | 6 | 32 | 0 | 38 |

(*) Estes postos serán determinados por sorteo público.

Dita bolsa, segundo o establecido na base novena das bases reguladoras, ten unha validez de cinco anos, contados a partir da súa aprobación por Resolución de Alcaldía, ou ata que se



convoque un novo procedemento para a súa elaboración.

Segundo.- Realizar o día 25/05/2026 un sorteo público ás 13:00 h para dirimir os empates existentes.

Terceiro.-Realizar o primeiro chamamento á persoa que está en primeiro lugar na bolsa que deberá achegar a documentación que se sinala na cláusula décima das bases, para cubrir o posto de traballadora social (Grupo A, subgrupo A2, nivel 20), como funcionaria interina vinculada ao programa de xestión do cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Xunta de Galicia (Plan concertado) cunha duración inicial ata o 31/12/2026, susceptible de ser prórrogado (cunha duración máxima de 3 anos) sempre que persista o programa ao que está adscrita e exista crédito suficiente no orzamento correspondente.

Ten un prazo de dous días hábiles contados dende a publicación do chamamento no taboleiro da sede do concello para a aceptación ou rexeitamento e de cinco días naturais para presentar a documentación que se indica na cláusula décima.

Cuarto.-Publicar o anuncio sobre o contido desta resolución no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo.

Quinto.- Dar conta deste acordo na próxima sesión plenaria ordinaria.

RECURSOS

Contra esta resolución, definitiva en vía administrativa, pode vostede interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o seguinte á recepción da notificación ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de instancia de Coruña no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á recepción da notificación. Se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Con todo, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.

Así o manda e asina a alcaldesa do que eu, secretario xeral do Concello de Vimianzo, dou fe.

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

O secretario xeral

Francisco Javier Novoa Juiz